



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO
REXISTRO XERAL
25.MAR.96 02396 -

O proceso de substitución de planos de estudio conleva en determinados supostos nos que existen cursos de adaptación para acceder ó segundo ciclo un desfase entre a extinción do cuarto curso e a extinción dos terceiros curso da E.X.B., de tal xeito os alumnos que desexen acceder ós segundos ciclos, tras realiza-lo curso de adaptación, só se lles reconece a posibilidade de matricularse sen dereito a docencia.

Ó obxecto de subsanar tal circunstancia e tendo en conta autorizacións de matrícula realizadas en cursos anteriores, estímase procedente autoriza-la matrícula ós alumnos que tendo rematados os estudos de E.X.B., ou ó curso de adaptación, na convocatoria de febreiro desexen inscribirse en estudos de segundo ciclo, ou no curso de adaptación se neste aínda se imparte docencia.

Por todo o exposto este Rectorado resolveu:

1º.- MATRÍCULA EN SEGUNDOS CICLOS.

Autorizar un prazo extraordinario de matrícula para o presente curso académico para que os alumnos que remataran os cursos de adaptación na convocatoria de febreiro poidan formalizar matrícula nos segundos ciclos das titulacións ás que teñan acceso.

2º.- MATRÍCULA EN CURSOS DE ADAPTACIÓN.

Os alumnos que remataran na convocatoria de febreiro do presente curso académico a Diplomatura de Profesorado de E.X.B. poderán formalizar matrícula nos seguintes cursos de adaptación nos que aínda se imparte docencia:

- Filoloxía
- Pedagogía
- Química
- Bioloxía

3º.- PRAZO DE MATRÍCULA.

O prazo para formalizar matrícula será entre o 27 de marzo e o 12 de abril.

Santiago, 25 de marzo de 1996
O VICERRECTOR DE ORDENACIÓN ACADÉMICA
E TITULACIÓN



Celso Rodríguez Fernández

- SRES./AS DECANOS/DIRECTORES DOS CENTROS
- SR. XEFE DO SERVICIO DE ALUMNADO
- SRES./A. XEFES/A. DAS UNIDADES DE XESTIÓN ACADÉMICA
- SR. XEFE DOS SERVICIOS INFORMÁTICOS
- SR. DIRECTOR DO SERVICIO DE INFORMACIÓN